

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA FUNDACIÓN CEER POLA QUE SE REALIZA A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A DIRECCIÓN DA CÁTEDRA INTERNACIONAL RSC SANTANDER GALICIA-NORTE PORTUGAL

En virtude das facultades delegadas polo Padroado da Fundación CEER segundo acordo da Acta da reunión deste órgano do 4 de outubro de 2012, e de conformidade co establecido nos Estatutos da Fundación CEER, D. Rubén C, Lois González como director da Fundación CEER,

RESOLVO,

Convocar e iniciar o proceso de selección para a contratación de persoal para a dirección da Cátedra Internacional RSC Santander Galicia-Norte Portugal.

As bases da convocatoria son as seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

1.- OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é a contratación dunha persoa para ocupar o cargo de director/a da Cátedra.

2.- NÚMERO DE PRAZAS

Unha.

3.- MODALIDADE E DURACIÓN DO CONTRATO

Contrato mercantil de prestación de servizos.

4.- TAREFAS

- a) Definir os programas das actividades.
- b) Coordinar o calendario das actividades.
- c) Coordinar as necesidades de infraestruturas da Cátedra.
- d) Definir e coordinar a xestión do orzamento da Cátedra, do que haberá de dar conta á CEER e Informar á Comisión Mixta de Seguimento.
- e) Asistencia executiva ás reunións de traballo.
- f) A persoa seleccionada, elaborará anualmente, por curso académico, unha memoria e un informe sobre o desenvolvemento das actividades realizadas e a programación do curso seguinte, que presentará á CEER e á Comisión Mixta de Seguimento.

- g) Reunións e xestións coas Administracións para fomentar e materializar convenios, acordos e outro tipo de concertos.
- h) Reunións e encontros con Pemes e grandes empresas co fin de promover e impulsar colaboracións e actividades conxuntas.

5.- REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

- i) Título de Doutor
- j) Titulación universitaria de grao ou superior: preferentemente nas titulacións de Económicas e Humanidades.
- k) Formación en Turismo.
- l) Estar dado de alta en autónomos
- m) Experiencia laboral no desenvolvemento de proxectos vinculados a Responsabilidade Social Corporativa e Calidade.
- n) Experiencia laboral no desenvolvemento de proxectos ca Administración ou outras Institucións.
- o) Experiencia profesional na dirección xestión de equipos humanos.
- p) Capacidade de liderazgo e resolución de conflitos.
- q) Dispoñibilidade para desprazarse.
- r) Outros requisitos vinculados co posto a desempeñar.

6.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A Comisión de selección estará constituída polo director do CEER, Prof. Rubén Lois, e o secretario xeral do CEER, Prof. José Alberto Río Fernandes, e a coordinadora de proxectos Dona Antía Pose García.

O período de presentación de candidaturas será de 10 días naturais dende a data de publicación da convocatoria na páxina web do CEER (www.fceer.org). Unha vez finalizado este período, a comisión de selección procederá á avaliación dos curriculums das persoas aspirantes axustándose aos requisitos da presente convocatoria. Como criterios xerais de valoración teranse en conta a adecuación do perfil á praza segundo os requisitos mencionados segundo o curriculum vitae, a posesión dunha titulación preferente, a formación e a experiencia.

Concretamente, a valoración farase en consonancia co seguinte:

- A. Formación (máximo de 50 puntos)
 - Título de doutor sinalada como preferente nas bases, 20 puntos.
 - Titulación universitaria de grao, sinalada como preferente nas bases, 15 puntos.
 - Outras formacións, 5 puntos

- Acción formativas (cursos, congresos, seminarios...ect) relacionadas con temáticas de RSC, Turismo e Calidade, 0,1 punto por hora até un máximo de 15 puntos)

B. Experiencia (máximo de 30 puntos)

- Experiencia laboral en entidades de formación universitaria, en calidade de docente, 1 punto por mes, até un máximo de 30 puntos.

C. Entrevista persoal (máximo de 40 puntos)

En caso de empate, e de conformidade cunha política axeitada en materia de igualdade de xénero, daráselle prioridade ás candidaturas formuladas por mulleres.

Rematado este proceso, farase pública a resolución do procedemento selectivo por parte da dirección do CEER, a través da páxina web da Fundación CEER (www.fceer.org), os días seguintes á finalización do prazo de presentación de candidaturas.

7.- CONDICIÓN DO CONTRATO

O contrato conta cunha partida orzamentaria de 27.000 euros anuais.

8.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

O prazo de presentación de candidaturas será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria.

9.- SOLICITUDES

As solicitudes, dirixidas ao director do CEER, serán enviadas en formato papel ou CD ao seguinte enderezo:

Fundación CEER
Colexio San Xerome
Praza do Obradoiro s/n,
15782 Santiago de Compostela, A Coruña.

9.- DOCUMENTACIÓN

As persoas candidatas deben entregar xunto coa súa solicitude os seguintes documentos:

- Curriculum Vitae (CV)
- Fotocopia de DNI
- Xustificación dos méritos aportados no CV

Santiago de Compostela, a 13 de outubro de 2015